

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DOS SERVIZOS DO PROGRAMA DE VIVENDA ALTERNATIVA PARA PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL “APEM”

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA UNIDADE RESIDENCIAL DE PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL “APEM”

TÍTULO PRELIMINAR.- DA ENTIDADE TITULAR

ARTIGO 1º.- NATUREZA, MISIÓN, PRINCIPIOS E COBERTURA DA ENTIDADE TITULAR

1. A entidade titular da Unidade Residencial é a Asociación Pro Enfermos Mentales de A Coruña: APEM, con sede social na Praza de Los Chopos, bloque 22 nº1,15008 A CORUÑA e con número de teléfono 981.132218 e correo electrónico apem@apemcoruna.es. Apem figura no rexistro de asociacións co número 833, e no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co código 367-CO-141-F-01, e dispón do seguinte CIF: G-15034176.
2. APEM é unha iniciativa social sen fin de lucro creada no 1980 que ten como misión a mellora da calidade de vida das persoas con enfermidades mentais e as súas familias coa prestación de distintos servizos de carácter integral.
3. APEM ten como ámbito territorial de actuación a área sanitaria de A Coruña, dispersando os seus servizos en 5 zonas de actuación: A Coruña cidade, Consorcio As Mariñas, Bergantiños, Betanzos e Soneira-Fisterra.
4. APEM como entidade de servizos socio-sanitarios conta coas seguintes prestacións aos usuarios e as súas familias: información e orientación social e xurídica, atención psicosocial individual e grupal, centros de rehabilitación psicosocial e laboral, formación e inserción socio-laboral, respiro familiar e alternativas de aloxamento en vivendas tuteladas e unidade residencial, obxecto deste regulamento. APEM traballa ademais no ámbito da sensibilización comunitaria sobre as enfermidades mentais.
5. APEM é unha organización que ten como principios básicos de traballo os seguintes:
 - a) Calidade
 - b) Normalización
 - c) Autonomía persoal e social
 - d) Coordinación social e institucional
 - e) Atención persoalizada
 - f) Participación dos beneficiarios/as
 - g) Globalizade e integralidade
 - h) Descentralización e proximidade territorial

TÍTULO PRIMERO.- DA UNIDADE RESIDENCIAL “APEM”

ARTÍGO 2º.- DEFINICIÓN E FINALIDADE DA UNIDADE RESIDENCIAL

1. A Unidade Residencial “APEM” se define coma aquel dispositivo de apoio comunitario destinada a aloxar persoas afectadas por un trastorno mental severo que, non precisando coidados sanitarios específicos, presentan carencias de autonomía que requiren dunha atención sociosanitaria continuada.
2. A Unidade Residencial está regulada en virtude do establecido no Decreto 347/2002, do 5 de decembro, polo que se regulan os pisos protexidos, vivendas de transición e unidades residenciais para persoas con trastornos mentais persistentes con sustento normativo no Decreto 389/1994 polo que se regula a saúde mental en Galicia. Son tamén equipamentos de servizos sociais conforme o establecido polo Decreto 240/1995 que regula os servizos de atención primaria na comunidade autónoma, tal e como recolle a Lei 4/1993, lei galega de servizos sociais.
3. A Unidade Residencial ten como finalidade ofrecer un recurso residencial comunitario que ofrezca aloxamento temporal ou permanente, manutención, rehabilitación e apoio persoal e social para favorecer a normalización, autonomía e calidade de vida e posibilitar o mantemento e integración na comunidade de persoas con enfermidade mentais persistentes.

ARTÍGO 3º.- DOS OBXECTIVOS XERAIS E COMPROMISOS DA UNIDADE RESIDENCIAL

1. Son obxectivos xerais da Unidade Residencial os seguintes:
 - a. Ofrecer servizos de aloxamento e manutención.
 - b. Manter no contorno comunitario ás persoas con trastorno mental persistente, promovendo e apoiando a súa integración social e familiar.
 - c. Mellorar o funcionamento psicosocial do enfermo, posibilitando a maior autonomía e independencia posible.
 - d. Apoiar as familias das persoas con trastornos mentais persistentes, favorecendo ás súas capacidades e recursos de adaptación á enfermidade, e promovendo unha melloría na súa calidade de vida.
 - e. Prestar servizos de rehabilitación psíquica e social, podendo estar conectados con outras unidades que as realicen.
 - f. Favorecer a formación continuada de tódolos profesionais do equipo.

TÍTULO SEGUNDO.- DOS DESTINATARIOS DA UNIDADE RESIDENCIAL “APEM”

ARTÍGO 4º.- DOS REQUISITOS DE ACCESO A UNIDADE RESIDENCIAL

1. O acceso a Unidade Residencial virá condicionado ao informe dun médico-psiquiatra, psicólogo clínico (se fose necesario) e traballador social da rede asistencial do SERGAS, e co visto bo do responsable de saúde mental da área correspondente. En centros de titularidade privada o informe poderá ser emitido por un médico-psiquiatra e psicólogo clínico (nos casos nos que se valore a necesidade). Nos dous casos o informe debe facer mención ao grado de estabilidade do enfermo mental crónico e a súa dificultade no funcionamento psicosocial e na integración laboral, tal e como dispón o decreto 347/2002, do 5 de decembro, polo que se regulan os pisos protexidos, vivendas de transición e unidades residenciais para persoas con trastornos mentais persistentes.

2. Ademais do informe médico os solicitantes de praza na Unidade Residencial, deben cumprir os seguintes requisitos:

- a. Padecer unha enfermidade mental crónica.
- b. Ser maior de 18 anos e menor de 60 (ambos incluídos).
- c. Non presentar, de maneira permanente, hábitos e/ou trastornos graves de conducta que distorsionen a convivencia.
- d. No presentar necesidades de atención sanitaria que non poidan contemplarse habitualmente en réxime ambulatorio.
- e. Non padecer unha fase aguda da enfermidade; é dicir, a persoa deberá estar estabilizada.
- f. Que aínda padecendo outra patoloxía, esta non sexa a causa da demanda do dispositivo nin que imposibilite a convivencia.
- g. Libre de toxicomanías.
- h. Aceptar as condicións da Unidade Residencial recollidas no regulamento de réxime interno.

3. O cumprimento dos requisitos anteriormente sinalados non significa a admisión automática na Unidade Residencial, xa que esta dependerá sempre do equipo de valoración da mesma.

4. A documentación requirida para a formalización da admisión na Unidade Residencial será a seguinte:

- a. Impreso de solicitude de praza.
- b. Fotocopia do DNI
- c. Fotocopia da tarxeta sanitaria.
- d. Certificado de empadramento colectivo.
- e. Certificado de minusvalía.
- f. Sentencia de incapacitación e designación do titor, así como a comunicación xudicial do ingreso.
- g. Certificados de pensións.

- h. Xustificante de ingresos de todo o núcleo de convivencia.
 - i. Informe de médico-psiquiatra e en caso de ser necesario do psicólogo clínico e traballador social da unidade de saúde mental ou do recurso de hospitalización psiquiátrica de Servicio Galego de Saúde, onde se faga constar a situación de estabilidade da enfermidade, as causas que lle impiden retornar ao seu domicilio, así como unha valoración acerca do beneficio que suporía a atención do paciente na unidade e un plan funcional de atención e programa de rehabilitación.
 - j. En centros de titularidade privada o informe do médico-psiquiatra e psicólogo clínico (se fose necesario) indicando o mesmo que no punto anterior.
 - k. Certificado médico que faga constar si padece algún tipo de patoloxía non psiquiátrica, enfermidades infecto-contaxiosas e/ou algún tipo de alerxia.
 - l. Test de embarazo.
5. A cada residente se lle entregará (previa explicación), o Regulamento de Réxime Interno da Unidade Residencial no momento de firma do contrato; do cal queda constancia no mesmo.
6. Previa incorporación da persoa na unidade residencial e tras a súa admisión en firme, procederase á firma do contrato, de cal se adxunta copia.
7. A unidade residencial conta cun libro de Rexistro no que figuran os seguintes datos:
 - a. Número de orden de entrada.
 - b. Número de expediente
 - c. Nome completo do residente.
 - d. Número de DNI.
 - e. Procedencia da derivación.
 - f. Data de ingreso na unidade residencial.
 - g. Data de baixa do servizo.
8. Por cada un dos residentes haberá un expediente coa seguinte documentación:
 - a. **Ficha individual:** no que se rexistrarán os seguintes datos: nome completo, nº de DNI, situación legal, familiar, titor ou gardador de feito e datos de contacto co mesmo (nome completo, dirección e teléfono), fotografía recente tamaño carné e nº de expediente interno.
 - b. **Expediente persoal:** que contará dos seguintes apartados:
 - b.1. **Documentación para a admisión:** ver artigo 4º, apartado 4.
 - b.2. **Historia clínica.**

b.3. Historia social.

b.4. Expediente sanitario: no que se recollen os seguintes datos: control de citas, rexistro de tratamentos inxectables, rexistro de tratamento farmacolóxico, rexistro de tratamento non farmacolóxico e rexistro de incidencias sanitarias.

b.5. Follas de seguimento.

b.6. Expediente vivenda, que deberá conter: o contrato do ingreso, domiciliación bancaria, recepción de bens persoais, recepción de medicación, inventario de roupa e enseres e documentación de baixa definitiva cando se produza.

b.7. Outra documentación.

O dossier documental ao completo estará no despacho do coordinador/a baixo chave e a el só accederán as persoas autorizadas, para garantir a confidencialidade.

9. A Unidade Residencial conta con follas de reclamacións a disposición dos residentes. No suposto de efectuarse algunha reclamación, darase copia da mesma ao reclamante.
10. A Unidade Residencial dispón dunha póliza de responsabilidade civil que garante a cobertura das indemnizacións aos residentes e sinistros do edificio.

ARTÍGO 5º.- DOS CANAIS DE REMISIÓN E ACCESO A UNIDADE RESIDENCIAL

1. O principal sistema de remisión de usuarios á Unidade Residencial serán as unidades de saúde mental de cada área territorial.
2. Ademais do sistema sanitario os usuarios poderán vir remitidos dende os servizos sociais de atención primaria ou dos servizos educativos de cada área territorial previo informe.
A Unidade Residencial encargarse posteriormente de validar o cumprimento de requisitos, recollidos no artigo 4º do presente regulamento.
3. A demanda tamén pode ser feita polo propio interesado, a súa familia, titores e/ou representantes legais.
Neste suposto o procedemento de validación de requisitos tamén se fará dende a Unidade Residencial.

TÍTULO TERCERO.- DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NA UNIDADE RESIDENCIAL “APEM”

ARTÍGO 6º.- DOS SERVIZOS OFERTADOS

ALOXAMENTO:

Se entende o uso de zonas de convivencia e de servizos comúns así como o uso da habitación dobre ou individual.

O residente poderá ser cambiado de habitación, por causa de forza maior ou por necesidades organizativas do centro, debidamente xustificada polo coordinador/a da unidade residencial ou a petición propia, xustificando a petición, cambio que se fará efectivo sempre que sexa posible según a ocupación da residencia.

No caso de que comparta habitación con outra persoa poderá cambiar de habitación:

- A petición súa se ocorren situacións de incompatibilidade manifiesta de caracteres entre os ocupantes dunha habitación compartida. Neste caso terán dereito de permanecer na mesma o residente que teña unha maior antigüidade na residencia.
- Por causa de forza maior, debidamente xustificada polo coordinador/a da unidade residencial.

MANUTENCIÓN

Manutención en réxime de pensión completa, debéndose acoller o residente ao menú establecido que se poderá modificar nalgún caso concreto, baixo prescrición facultativa.

ATENCIÓN PERSOAL INTEGRAL

Ó residente dáselle unha atención persoal integral e foméntase ós seus hábitos e habilidades da vida diaria así como a súa participación en actividades de terapia ocupacional, habilidades sociais, de ocio e tempo de lecer... Se lle da asistencia psicolóxica e se lle facilita o acceso aos recursos socio-sanitarios que lle sexan precisos.

ATENCIÓN FAMILIAR

A atención está dirixida a favorecer a relación entre o residente e a súa familia respetando ós horarios establecidos neste regulamento.

A unidade residencial conta cunha instalación telefónica co exterior mediante unha cabina telefónica a disposición dos residentes.

APOIO Á ASISTENCIA SANITARIA

Se o residente é titular ou beneficiario da Seguridade Social:

- Ó residente con praza de media e longa estancia se lle solicitará cambio de médico para os servizos sanitarios da zona.
- O residente con praza de estancia curta manterá a súa relación co seu médico de cabeceira e os seus médicos especialistas, cuxos diagnósticos e prescricións serán comunicados polo propio residente, familiar, titor ou gardador de feito ó coordinador/a e o psicólogo/a da Unidade Residencial.
- O residente irá acompañado ás consultas ou revisións médicas por un familiar, titor ou gardador de feito, ou no seu defecto do persoal da unidade residencial destinado a tal fin, previa xustificación e autorización por escrito.
- Cando o residente sufra un proceso que pola súa patoloxía ou polo seu estado de saúde necesite un tratamento ou atención especial non asumible pola Unidade Residencial, será trasladado a un centro sanitario para levar a cabo o tratamento necesario. Para o seu traslado será acompañado por algún familiar, titor ou representante legal, e no seu defecto por persoa autorizada polo titor ou representante legal única e especificamente para ese traslado concreto, sendo por conta da familia e/ou persoa responsable a mellora das condicións do mesmo en canto a atención, xestións de medicación e acompañamentos.
- En casos urxentes, a derivación hospitalaria realizarase incluso se non se consegue a consulta e aprobación previa do titor e/ou persoa responsable, que será inmediatamente informado e deberá acudir coa máxima urxencia. Unha vez realizada a entrada no centro hospitalario, a atención do residente correrá por conta do centro hospitalario, sendo por conta da familia e/ou persoa responsable a mellora das condicións do mesmo en canto a atención e acompañamento.
- Se o equipo da unidade residencial ten coñecemento de que o familiar, titor ou gardador de feito non dá unha boa cobertura sanitaria ó residente, tomará as decisións que considere oportunas comunicándoo a quen corresponda, e pode supor incluso a baixa do residente.
- A atención sanitaria, medicación especializada, gastos de transporte, produtos de farmacia ou parafarmacia ou calquera outro concepto que non esté incluído na cobertura que ofrece a Seguridade Social ou o seguro médico privado do residente, será considerada como un servizo complementario, e, polo tanto, os gastos económicos que se orixinen por este concepto deberán ser satisfeitos polo residente, pola súa familia ou persoa responsable daquel.

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Considéranse servizos complementarios, e polo tanto non están comprendidos no precio xeral, os seguintes:

1. Todo o material que necesite o residente para a súa hixiene persoal.
2. Os gastos persoais que teña o residente nas saídas programadas pola entidade.
3. Teléfono.
4. Lavado de roupa, propiedade do residente que teña tratamento de lavado en seco ou similar, se realizará nunha lavandería externa.
5. Gastos sanitarios, de acordo con previsto no servizo de APOIO Á ASISTENCIA SANITARIA do presente Regulamento de Réxime Interno.
6. Todos aqueles servizos complementarios que precise o residente e que deban realizarse fóra da Unidade Residencial (perruquería, podoloxía...).

ARTÍGO 7º.- DAS CONDICIÓN S ECONÓMICAS DE ACCESO AOS SERVIZOS OFERTADOS

1. Para o acceso as prazas da Unidade Residencial que están subvencionadas pola Consellería de Sanidade a achega económica do usuario corresponderá ao 75% dos seus ingresos líquidos mensuais, quedando excluído do cómputo as gratificacións extraordinarias.
2. Para o acceso as praza da Unidade Residencial que non están subvencionadas pola Consellería de Sanidade a achega económica do usuario corresponderá a 1.800,00 euros, cun incremento anual do IPC correspondente.
3. As mensualidades cargaranse a conta mediante domiciliación bancaria, non admitindo ningún outro tipo de forma de pago, os cinco primeiros días do mes seguinte. Isto farase sempre tras a admisión en firme de unha persoa, residente e/ou o familiar, titor ou gardador de feito que deben formalizar dita domiciliación.
4. No caso de que a baixa sexa voluntaria, deberá notificalo con 15 días de antelación.
5. Non se contempla depósito de fianza.
6. O abono da 1º mensalidade, é dicir, cando a persoa se incorpora a Unidade Residencial se fará proporcionalmente ao día que se incorpora do mes.
7. No caso de ausencia voluntaria non superior a 60 días anuais, computados dentro de cada ano natural, o residente ten dereito á reserva de praza, pero a Unidade Residencial cobrará a totalidade do prezo da estancia.

As ausencias forzosas por internamento nun centro sanitario ou convalecencia, comportan asimesmo, a reserva de praza nas mesmas condicións económicas antes citadas, si ben, ó regreso á unidade residencial revisaranse as condicións establecidas no contrato inicial.

O impago da cantidade da reserva de praza determinan o dereito da Unidade Residencial a ocupala praza.

ARTÍGO 8º.- FUNCIONAMENTO DA UNIDADE RESIDENCIAL

NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO

1. HORARIOS

A Unidade Residencial permanecerá aberta tódolos días do ano de luns a domingo, incluídos os días festivos.

Co fin de garantir o bo funcionamento da residencia, así como para preservar os dereitos dos residentes, existen horarios establecidos:

- A. **HORARIO XERAL DO CENTRO:** Debido ó carácter de servizo permanente que ofrece a residencia, o seu horario de funcionamento é continuo as 24 horas ó día.
As portas se abrirán de 9 a 22 horas.
- B. **INFORMACIÓN DA ATENCIÓN INTEGRAL:** A unidade residencial dispón dun horario de información e atención ós familiares dos residentes por parte do coordinador/a e o psicólogo/a. Este horario é de Luns a Xoves de 9-14 h e de 16-19 h, Venres de 9-14 h.
- C. **VISITAS:** O horario de visitas ós residentes será:

De Luns a Venres	Sábados, Domingos y festivos
De 15,00 a 20,00 do serán	De 10,00 a 13,00 da mañá De 15,00 a 20,00 do serán

Tódalas
visitas

deberán ser notificadas ao coordinador/a cunha antelación de alomenos 24 horas, podendo este restrinxir as visitas por causas xustificadas. En caso de que as visitas se realicen en fin de semana, deberán comunicalo o venres pola mañá como moi tarde.

Os visitantes comunicarán en recepción a súa presenza na unidade residencial. Nalgúns casos, por circunstancias especiais, este horario poderá ampliarse de acordo co coordinador/a da unidade.

D. SAIDAS:

Os residentes con saída libre poderán ausentarse sempre que o desexen, fora do horario das actividades, avisando previamente ó persoal da residencia.

Os residentes poderán ausentarse do servizo por circunstancias extraordinarias, previa notificación ao coordinador da unidade residencial con alomenos 24 horas de antelación.

Naqueles casos que sexa necesario, establecerase un horario particular de saída e entrada na Unidade Residencial, mediante acordo asinado polas partes contratantes. Si se produce o incumprimento dos horarios establecidos de modo xeral e/ou particular, o coordinador/a da unidade residencial poñerá inmediatamente en coñecemento do familiar, titor legal ou gardador de feito, así como o equipo responsable do seu seguimento e se procederá a tomar as medidas oportunas.

E. TELÉFONO: Se recomenda restrinxir ó máximo as chamadas ós residentes entre as 22 horas e as 8 horas do día seguinte.

F. DESCANSO: O residente por respecto os demais, garantizará os mínimos ruidos durante a noite ou horas de descanso.

2. USO DE ESPAZOS E SERVIZOS

A. O residente pode usar os espazos de uso común e servizos da residencia pero recoméndase, para a súa seguridade, evitar entrar nas zonas de servizos de hostalería como cociña e lavandería.

B. Prohíbese a entrada na zona de despachos e almacén, sen autorización previa por parte do persoal da residencia.

C. O residente pode utilizar as instalacións, obxectos e aparatos da residencia e se lembra o debido coidado e o respecto de uso dos compañeiros.

D. Non se pode fumar no interior da Unidade Residencial, excepto na sala habilitada para tal fin.

E. Os utensilios que se podan considerar perigosos como cuchillas de afeitar serán gardadas baixo chave por parte do persoal da residencia. Os chisqueiros se lles retirarán durante a noite.

Lémbra o residente que deben utilizar os electrodomésticos de uso persoal (máquina de afeitar, secador de pelo, etc.) evitando situacións de risco que afecten a el mesmo, a outros residentes ou ás instalacións.

Prohíbese a introducción na residencia de calquera tipo de obxecto, material, sustancia, etc., perigoso, sendo o residente, os seus

familiares e representantes legais responsables de calquera dano ou prexuízo que se cause tanto á residencia, como ós seus empregados, o resto de residentes ou os seus familiares. En caso de detectarse a presenza de calquera obxecto, material ou sustancia deste tipo, a coordinadora está autorizada para desfacerse deles da maneira que mellor garante a seguridade do centro.

- F. Debido á existencia de instalacións de calefacción na residencia, non estará permitido o uso de aparatos de calefacción suplementaria nas habitacións.
- G. Non se poderá ter ningún tipo de alimentos nin aparatos para cocer ou quentar alimentos nas habitacións.
- H. Os obxectos perdidos se entregarán en recepción.
- I. A correspondencia será entregada directamente ó residente, e en caso de ser necesario ó seu titor ou representante legal.
- J. Todas as habitacións e salas contan coa debida sinalización e existen espazos para informacións xerais a disposición dos residentes.

3. TOMA DE MEDICACIÓN

Soamente se administrará a medicación que veña pautada polo médico psiquiatra de referencia, médico de cabeceira ou por outro médico especialista.

A toma da medicación é requisito imprescindible para a permanencia na Unidade Residencial, polo que o coordinador/a poderá tomar as medidas que considere oportunas ante a primeira falta desta norma.

A medicación estará baixo chave e só poderán acceder a ela as persoas autorizadas. Nas correspondentes tomas de medicación a persoa autorizada a administrará ós residentes, e levará un rexistro puntual e rigoroso de elo.

4. ADMINISTRACIÓN DO DIÑEIRO

Os residentes poderán acollerse a dous rexímenes para a administración do seu diñeiro:

- A. Que a unidade residencial o garde e administre segundo se acorde.
- B. Que o propio residente asuma a súa garda e administración. Neste caso, a Unidade Residencial non se responsabilizará do mesmo.

Nos casos en que o residente estea incapacitado, o titor ou representante legal entregará mensualmente unha cantidade establecida de cartos, que

garante a cobertura das necesidades do residente. O coordinador/a establecerá unha cantidade estimativa en base os gastos correntes que se orixinan na convivencia. No caso de gastos extraordinarios será comunicado o seu titor para que autorice ditos gasto e realice a provisión de fondos necesaria.

Entregarase a documentación xustificativa dos gastos sempre que o titor ou representante legal o solicite.

5. CONVIVENCIA

Os residentes deben respetar a todo o persoal técnico e de servizo da residencia, así como o pudor e a intimidade dos seus compañeiros. Non se pode entrar nas habitacións alleas sen autorización do residente ou do coidador de turno.

Deberase manter unha conducta cara ós compañeiros, o que implica evitar agresións físicas ou verbais, abusos de poder, abusos sexuais ou incitación a actuacións non adecuadas.

Non está permitido manter relacións sexuais dentro da Unidade Residencial. Ante o incumprimento desta norma, o coordinador/a poderá adoptar de maneira inmediata as medidas que considere oportunas, sen prexuízo do que posteriormente valore o equipo da unidade residencial ao respecto.

6. ROUPA

A roupa deberá ir marcada coas súas iniciais cun sistema permanente (cosido ou serigrafiado). No caso de que se faga dende a residencia, o gasto correrá a conta do residente.

O residente ou as persoas responsables están obrigadas a refacer ou repoñer a roupa de uso persoal, cando sexa necesario e nas mesmas condicións de mercado.

A roupa en desuso deberá ser retirada polo titor ou persoa responsable nun prazo establecido co coordinador. De non cumprilo a residencia disporá da roupa para facer con ela o que considere oportuno.

7. DROGAS E OUTRAS SUSTANCIAS

Non está permitido consumir ningún tipo de sustancia psicoactiva na Unidade Residencial nin chegar baixo os efectos das mesmas. Ante o incumprimento desta norma, o coordinador/a poderá adoptar de maneira inmediata as medidas que considere oportunas, sen prexuízo do que posteriormente a acción sexa valorada pola comisión da Unidade Residencial, ao respecto.

8. HIXIENE PERSOAL

Tódolos residentes deberán seguir as seguintes normas hixiénicas:

- Ducharse diariamente.
- Cepillarse os dentes despois de cada comida.
- Lavarse as mans, alomenos, antes de cada comida.
- Cambiarse a roupa interior tódolos días e, en caso necesario, a muda inmediata cando as circunstancias así o requiran.
- Meter a roupa sucia nas bolsas habilitadas para elo.

9. ÁREA DOMÉSTICA

Todos os residentes deben colaborar no funcionamento da Unidade Residencial cooperando na realización das tarefas cotiáns para o mantemento dun fogar, como por exemplo: facer a cama, manter recollida a súa habitación, poñer e recoller a mesa, levar a roupa a lavandería e recollela unha vez pranchada, etc.

Farase un cambio semanal da roupa da cama, pixama ou camisón, toallas e a muda inmediata cando a circunstancia así o requira. O cambio semanal realizarase seguindo os turnos correspondentes.

NORMAS ESPECÍFICAS DE FUNCIONAMENTO

1. COMEDOR

O horario do comedor da Unidade Residencial é:

9-9,30	Almorzo
13,30-15-00	Xantar
20,30-22,00	Cea

Este horario poderá ser modificado nalgún caso si existe algunha causa que o xustifique (por exemplo: incompatibilidade con actividades externas á Unidade Residencial, enfermidade común, etc).

O menú das diferentes comidas deseñado por una diplomada en nutrición humana e dietética, garante as necesidades calóricas e nutricionais dos residentes.

No caso en que o residente decida non realizar algunha das comidas, avisará con antelación á cociñeira.

Prohíbese levar ou sacar alimentos ou utensilios do comedor.

2. HABITACIÓNS

A habitación do residente é o seu espazo persoal e propio na unidade residencial, e será respectado como tal polo persoal e os demais compañeiros.

Os visitantes e familiares só poderán acceder ás habitacións acompañados do persoal autorizado, si as circunstancias o permiten.

O residente poderá dispoñer de obxectos persoais e de decoración na habitación sempre que sexa compatibles coas normas habituais de seguridade e hixiene.

O residente poderá ter na súa habitación, aparatos de TV, radio, de música, podéndoos utilizar sempre que o desexe, coidando de non molestar ós demais residentes. O volume dos aparatos deberá permitir un adecuado descanso a tódolos residentes.

Recoméndase non gardar obxectos de valor e diñeiro nas habitacións.

Lémbrese que non se poden ter alimentos ou medicamentos sen permiso na habitación.

3. LAVANDERÍA

A residencia ten un servizo de lavandería propio para a roupa de uso persoal dos residentes.

A residencia non se fará cargo do deterioro que poida ter a roupa por desgaste ou alteración do tecido.

4. LIMPEZA

A fin de facilitar a limpeza da habitación e evitarse molestias, se recomenda que os residentes as deixen libres mentres se realiza a limpeza diaria.

Os residentes tamén facilitarán a limpeza dos espazos de uso xeral, que se fará en horarios establecidos que non estorben a vida e actividades dos residentes.

TÍTULO CUARTO.- DEREITOS E DEBERES DOS RESIDENTES E DOS SEUS REPRESENTANTES LEGAIS

ARTÍGO 9º.- DEREITOS DOS RESIDENTES

1. Ser respectados na súa intimidade, na súa integridade física e nas súas diferencias como ser humano en pleno dereito, non sendo obxecto en ningún momento de tratos vexatorios e degradantes, así como de castigos físicos ou morais, tanto polos integrantes do equipo profesional como polos seus compañeiros. Neste senso tamén se velará para que estes dereitos se cumpran naquelas actividades externas ós que sexan derivados estes residentes.
2. A unha atención individualizada acorde coas súas necesidades específicas.
3. A manter relacións interpersoais, incluíndo o dereito a ter visitas.
4. A participar na toma de decisións que lles afecten de maneira individual ou colectiva a través de canles democráticas.
5. Ausentarse da residencia os fins de semana e/o períodos vacacionais baixo consentimento dos seus representantes legais co obxecto de potenciar a integración sociofamiliar.
6. A que se lles facilite a atención social, sanitaria, educacional, cultural, e, en xeral, a tódalas necesidades persoais que sexan precisas para conseguir o seu desenvolvemento integral.
7. Presentar suxerencias e reclamacións relativas a calidade dos servizos e prestacións recibidas.
8. A intimidade persoal na convivencia en función das condicións estruturais da Unidade Residencial.
9. A continuidade dos servizos nos termos establecidos ou pactados mentres subsistan as condicións que motivaron a súa concesión.
10. Á confidencialidade, sigilo e respecto en relación ós persoais do residente.
11. Asimesmo todos aqueles dereitos previstos na lexislación vixente relativa á atención en centros a persoas con enfermidade mental.

ARTÍCULO 10º.- DEBERES DOS RESIDENTES

1. Cumprir as normas sobre a utilización da residencia establecidas no regulamento de réxime interno.
2. Observar unha conducta inspirada no respecto mutuo, tolerancia e colaboración, encamiñada a facilitar unha mellor convivencia.
3. Respetar a dignidade do persoal da Unidade Residencial e do seu traballo, así como a do resto dos residentes. Tamén se contempla que estas obrigacións se fagan extensivas a aquelas actividades externas ás que sexan derivados ditos usuarios.
4. Participar e colaborar no programa individual de rehabilitación establecido polo equipo técnico, seguindo as pautas e actividades sinaladas tanto dentro como fora da Unidade Residencial.
5. Asistir as entrevistas periódicas de avaliación, así como facilitar aqueles datos que lle poidan ser requiridos polo persoal técnico.
6. Colaborar co persoal da residencia en todo aquilo que lles sexa solicitado en beneficio á atención que se dispense.
7. Deber de coñecer e cumprir a normativa en vigor.

ARTÍCULO 11º.- DEREITOS DAS FAMILIAS, TITORES E REPRESENTANTES LEGAIS

1. Recibir información sobre a organización e funcionamento da residencia.
2. Ser informados sobre calquera asunto persoal que este relacionado co seu familiar ou tutelado.
3. Ser atendido polo persoal da residencia dentro do horario e días establecidos, a fin de recibir a información e as explicacións que crea oportunas.
4. A valorar a calidade de atención do servizo a través de cuestionarios de satisfacción.

ARTÍCULO 12º.- DEBERES DAS FAMILIAS, TITORES E REPRESENTANTES LEGAIS

1. Respetar a dignidade do persoal da Unidade Residencial e do seu traballo, así como a do resto dos residentes. Tamén se contempla que estas obrigacións se fagan extensivas a aquelas actividades externas ás que sexan derivados ditos usuarios.
2. Gardar as normas de convivencia e respecto mutuo dentro da residencia e en calquera outra actividade relacionada con esta.
3. Respetar os horarios de visita establecidos, así como utilizar exclusivamente os espazos destinados a tal fin.
4. Facilitar canta documentación legal, persoal, médica e de todo tipo que sexa solicitada polo coordinador/a e o psicólogo/a da Unidade Residencial.
5. Asinar cantas autorizacións e conformidades sexan indispensables en beneficio do residente, así como as peticións e programas que se destinen a tal fin.
6. Acompañar ó seu familiar e/ou tutelado ás consultas médicas que se lle requiran.
7. Cubrir os gastos económicos que requira o residente para unha atención integral.
8. Abonar as cantidades establecidas pola entidade titular como aportación económica mensual.
9. Solicitar e recibir todo tipo de información sobre a organización e funcionamento, sen suscitar interferencias nos mesmos.
10. Asistir ás convocatorias individuais que se realicen para o seguimento das actividades do seu familiar e ou tutelado.
11. Acatar e aplicar as pautas indicadas polos profesionais da residencia en relación ós coidados e atención dos residentes.

TÍTULO QUINTO.- PÉRDIDA DA CONDICIÓ DE RESIDENTE

ARTÍGO 13º.- Serán causas de rescisión do contrato:

1. A vontade expresa do residente ou titor, formalizada por escrito, e comunicada ó coordinador/a con sete días de antelación. En caso de desconformidade de criterio entre o residente e o seu titor, a Unidade Residencial procederá a poñelo en coñecemento da autoridade competente.
2. Polo deceso do residente.
3. Por sanción disciplinaria.
4. Por impago dos recibos pola estancia do residente.
5. Ausencia non xustificada superior a 30 días.

TÍTULO SEXTO.- RÉXIMEN DISCIPLINARIO DOS RESIDENTES DA UNIDADE RESIDENCIAL

ARTÍGO 14º.- CLASES DE FALTAS E AS CIRCUNSTANCIAS QUE AS DETERMINAN

1. As clases de faltas cometidas polos residentes na súa condición de tales poderán ser: leves, graves e moi graves.
2. As circunstancias que determinan a gravidade son: intencionalidade, gravidade no desenvolvemento da normal convivencia, e reiteración ou reincidencia, sempre tendo en conta as características clínicas de cada residente.
3. Consideraranse faltas leves as seguintes:
 - a. Alterar accidentalmente as normas de convivencia e respecto ós demais, creando situacións de conflito e malestar entre os residentes.
 - b. A falta de puntualidade e/ou asistencia ás actividades personalizadas programadas, sen causa xustificada.

- c. O deterioro non grave causado intencionadamente nas dependencias, no material e nos obxectos e pertenzas doutros residentes ou profesionais.
- d. Calquera acto inxustificado que perturbe levemente o normal desenrolo das actividades.
- e. Promover e/ou participar en altercados, rifas, pelexas de calquera tipo, con residentes e/ou persoal do servizo, sempre que non se deriven danos graves a terceiros.
- f. Consumo puntual de alcohol ou outras sustancias psicoactivas.

4. Consideraranse faltas graves as seguintes:

- a. A reiteración de faltas leves, dende a terceira cometida.
- b. Alterar as normas de convivencia de forma habitual e permanente, creando situacións de malestar na residencia.
- c. Non comunicar a ausencia da residencia ó profesional de referencia, cando esta teña unha duración superior a 24 horas.
- d. A demora inxustificada dun mes de pago da estancia.
- e. Falsear ou ocultar datos en relación co disfrute de calquera prestación ou servizo, ou nas circunstancias persoais e económicas.
- f. Consumo de alcohol ou calquera tipo de sustancias psicoactivas.
- g. A subtracción de bens ou obxectos de calquera clase, propios da residencia, do persoal, ou de calquera outro residente.
- h. Utilizar aparatos ou ferramentas no autorizadas polo persoal da residencia.

5. Consideraranse faltas moi graves as seguintes:

- a. A reiteración de faltas graves, dende a terceira cometida.
- b. Agresión física ou malos tratos graves a outros residentes ou persoal da Unidade Residencial.
- c. Non comunicar a ausencia da residencia ó profesional de referencia, cando esta sexa superior a catro días.

- d. A demora inxustificada de dous meses de pago das cuotas.
- e. Falsear, ocultar e aportar datos inexactos que determinaron, no procedemento administrativo, ó ingreso na Unidade Residencial.
- f. A embriaguez habitual.
- g. Os abusos de poder sobre residentes con menor capacidade ou maior indefensión de inducción a actos non adecuados, así como os abusos de tipo sexual.
- h. As faltas que pola súa gravidade o equipo técnico e a coordinación as valore como tales.

ARTÍGO 14º.- SANCIONES ÓS RESIDENTES

Sen prexuízo das responsabilidades doutro tipo a que houberse lugar, por razón das faltas a que se refire os artigos anteriores, poderán impoñerse as seguintes sancións:

- a. Por faltas leves: amoestación por escrito do coordinador/a da Unidade Residencial.
- b. Por faltas graves: suspensión dos dereitos de residente por un tempo máximo dun mes.
- c. Por faltas moi graves: suspensión dos dereitos de residente por un tempo mínimo dun mes e tempo máximo de seis meses. Neste caso, o reingreso estará determinado pola existencia de vacante no momento en que teña dereito ó mesmo, previa revisión do expediente administrativo de ingreso, ou ben perda definitiva da condición de residente sen posibilidade de reingreso.

As sancións por faltas graves ou moi graves serán impostas por unha comisión técnica formada por Psicólogo/a, Coordinador/a e Director/a, previo informe explicativo en función do tipo de infracción, do persoal correspondente.

TÍTULO SÉPTIMO.- PERSOAL DA UNIDADE RESIDENCIAL

ARTÍGO 16º.- PERSOAL DA UNIDADE RESIDENCIAL

A Unidade Residencial dispón dun coordinador/a responsable do seu funcionamento. No caso de ausencia física desta persoa haberá sempre unha persoa responsable debidamente designada por Dirección.

A residencia dispón de persoal técnico e de atención directa suficiente para dar resposta ás necesidades globais do residente durante as 24 horas do día.